



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 5 DE ABRIL DE 2019

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIROS/AS:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

D. José Antonio Calviño Gómez.

PP:

D. José Manuel García Sesmonde.

### **Non asisten e se escusan:**

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D. José Lino Bermúdez Sueiro.

PP:

D. Adolfo Manuel Grobas Vázquez.

### **SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 5 de abril de 2019, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### **1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 1 DE FEBREIRO E 1 DE ABRIL DE 2019.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

## 2. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2018.

O Sr. Alcalde da conta do decreto 41/2019, de 12 de febreiro, de aprobación da liquidación do exercicio 2018:

*“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 191 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenrola o citado TRLFL en materia de presupostos.*

*Correspondendo ao presidente da Corporación a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención.*

*Vistos os informes de Intervención, de data 11 de febreiro de 2019, da liquidación, así como o de estabilidade orzamentaria, no que se pon de manifesto o cumprimento da mesma e da regra de gasto.*

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** *Aprobar a liquidación do Orzamento do 2018, no que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:*

<i>Estado de Tesourería: Fondos líquidos</i>	<i>1.571.149,59€</i>
<i>Dereitos recoñecidos netos</i>	<i>2.418.226,34€</i>
<i>Obrigas recoñecidas netas</i>	<i>2.194.246,39€</i>
<i>Dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro</i>	<i>1.095,86€</i>
<i>Obrigas pendentes de pago a 31 de decembro</i>	<i>38.685,46€</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (sen axustes)</i>	<i>223.979,95€</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (con axustes)</i>	<i>324.110,96€</i>
<i>Remanente de crédito non comprometido</i>	<i>246.017,05€</i>
<i>Remanente de crédito comprometido</i>	<i>335.559,87€</i>
<i>Remanente de Tesourería</i>	<i>1.433.559,99€</i>
<i>Remanente de Tesourería para gastos con financiación afectada</i>	<i>68.469,46€</i>
<i>Remanente de Tesourería para gastos xerais</i>	<i>1.365.090,53€</i>

**SEGUNDO:** *Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre.*

**TERCEIRO:** *Remitir a liquidación do Presuposto á Comunidade Autónoma e á Administración Xeral do Estado.*

*En Mesía, a 12 de febreiro de 2019.”*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Así mesmo, o Sr. Alcalde manifesta que no informe de intervención á liquidación, en relación coa estabilidade orzamentaria e o cumprimento da regra de gasto, sinálase que: *“A liquidación do orzamento do Concello de Mesía do ano 2018, cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria de acordo co artigos 16.2 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, así como coa regra de gasto nos termos previstos no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.”*

Non habendo máis intervencións, os concelleiros quedan enterados.

### **3. APROBACIÓN DOS MODELOS DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS E SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA AO PLENO:*

*APROBACIÓN DOS MODELOS DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS E SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS.*

*Visto o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece:*

*“Os representantes locais, así como os membros non electos da Xunta de Goberno Local, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.*

*Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.*

*Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ó final do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.*

*As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento da finalización do mandato, nos termos que fixe o Estatuto municipal.*

*Tales declaracións inscribíranse nos seguintes Rexistros de intereses, que terán carácter público:*

*a) A declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, inscribírase, no Rexistro de Actividades constituído en cada Entidade local.*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

b) A declaración sobre bens e dereitos patrimoniais inscribírase no Rexistro de Bens Patrimoniais de cada Entidade local, nos termos que estableza o seu respectivo estatuto.

Os representantes locais e membros non electos da Xunta de Goberno Local respecto ós que, en virtude do seu cargo, resulte ameazada a súa seguridade persoal ou a dos seus bens ou negocios, a dos seus familiares, socios, empregados ou persoas con quen tiveran relación económica ou profesional poderán realizar a declaración dos seus bens e dereitos patrimoniais ante o Secretario ou a Secretaria da Deputación Provincial ou, no seu caso, ante o órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente. Tales declaracións inscribíranse no Rexistro Especial de Bens Patrimoniais, creado a estes efectos naquelas institucións.

Neste suposto, aportarán ó Secretario ou Secretaria da súa respectiva entidade mera certificación simple e sucinta, acreditativa de ter cumprimentado as súas declaracións, e que estas están inscritas no Rexistro Especial de Intereses a que se refire o parágrafo anterior, que sexa expedida polo funcionario encargado do mesmo."

É polo que antecede polo que, de conformidade co artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO: Aprobar os seguintes modelos de declaracións, que se transcriben como anexo do presente acordo:

1.- Modelo de declaración sobre bens e dereitos patrimoniais.

2.- Modelo de declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.

## REXISTRO DE INTERESES DO CONCELLO DE MESÍA

### DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

Domicilio: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

TIPO DE DECLARACIÓN (Marcar o que proceda)	
<input type="checkbox"/> Inicial (antes da toma de posesión)	<input type="checkbox"/> FINAL (con ocasión do fin do mandato)
<input type="checkbox"/> CESE/RENUNCIA	<input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN (variación das circunstancias)

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Concelleiro que subscribe, formula a



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

*seguinte declaración de bens e dereitos patrimoniais, e manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos que expón neste documento son rigorosamente certos.*

A) BENS INMOBLES		
DESCRICIÓN	MUNICIPIO	Data de adquisición

*Sinatura:*

\_\_\_\_\_

B) DEPÓSITOS EN CONTA CORRENTE, DE AFORRO OU OUTROS TIPOS DE IMPOSICIÓN EN CONTA	
CLASE	ENTIDADE DEPOSITARIA

C) OUTRO PATRIMONIO MOBILIARIO (SEGUROS DE VIDA, PLANS DE PENSIÓN, DÉBEDA PÚBLICA, OBRIGAS, BONOS...)
---



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

DENOMINACIÓN	ENTIDADE

D) VEHÍCULOS	
MARCA/MODELO	DATA ADQUISICIÓN

Sinatura:

\_\_\_\_\_

E) BENS MOBLES DE CARÁCTER HISTÓRICO, ARTÍSTICO OU DE CONSIDERABLE VALOR ECONÓMICO	
CLASE	DATA ADQUISICIÓN



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

--	--

## F) PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES DE TODO TIPO, CON INFORMACIÓN DE SOCIEDADES PARTICIPADAS

PARTICIPACIÓN	ENTIDADE

## G) ADXÚNTASE FOTOCOPIA DA LIQUIDACIÓN DOS SEGUINTE IMPOSTOS:

- RENDA
- PATRIMONIO
- SOCIEDADES

MESÍA, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O CONCELLEIRO/A,

\_\_\_\_\_



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

ANTE MIN  
O SECRETARIO,

## REXISTRO DE INTERESES DO CONCELLO DE MESÍA

### DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

Domicilio: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

TIPO DE DECLARACIÓN (Marcar o que proceda)	
<input type="checkbox"/> Inicial (antes da toma de posesión)	<input type="checkbox"/> FINAL (con ocasión do fin do mandato)
<input type="checkbox"/> CESE/RENUNCIA	<input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN (variación das circunstancias)

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Concelleiro que subscribe, formula a seguinte declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lle proporcione ou lle poida proporcionar ingresos económicos, e manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos que expón neste documento son rigorosamente certos.

A) CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE (arts. 177 e 178 da Lei Orgánica 5/1985, LOREG):          
---

B) ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS:





# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## B).1. POSTOS DE TRABALLO, CARGOS, OU ACTIVIDADES EN ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO

ENTIDADE	CARGO OU CATEGORÍA

Sinatura:

---

## B).2. ACTIVIDADES PRIVADAS DE CARÁCTER PROFESIONAL, MERCANTIL, INDUSTRIAL OU LABORAL, POR CONTA PROPIA OU ALLEA

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	ENTIDADE/COLEXI O PROFESIONAL	CARGO OU CATEGORÍA
Actividades mercantís ou industriais			
Actividades e ocupacións profesionais			
Actividades por conta allea			

## B).3. OUTRAS ACTIVIDADES QUE LLE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

Entidade	Cargo ou categoría



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

C) OUTRAS ACTIVIDADES OU INTERESES PRIVADOS QUE, SEN PROPORCIONAR INGRESOS, AFECTEN OU ESTEAN EN RELACIÓN CO ÁMBITO DE COMPETENCIAS DA CORPORACIÓN

MESÍA, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O CONCELLEIRO/A,

\_\_\_\_\_  
ANTE MIN  
O SECRETARIO,

*MESÍA , 2 de abril de 2019. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro."*

O Sr. Alcalde pon de manifesto que proponse unhos modelos sinxelos que clarifican e simplifican o cumprimento das obrigas legais que temos, si lles parecen ben.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

## 4. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

## 5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (24/2019 A 103/2019).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## RELACION DECRETOS DO 24/2019 A 103/2019

Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
24	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar SAF	28/01/2019
25	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar SAF	28/01/2019
26	Servizos sociais	Alta usuario SAF	28/01/2019
27	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar SAF	28/01/2019
28	Persoal	Prórroga contrato peón xardinería	28/01/2019
29	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión pleno ordinario 2/2019 do 01/02/2019	29/01/2019
30	Economía e Facenda	Execución do gasto 30/01/2019. Nóminas mes xaneiro 2019.	30/01/2019
31	Persoal	Aprobación das bases do proceso selectivo para a contratación temporal dun/dunha monitor/a de tempo libre.	31/01/2019
32	Facenda Municipal	Modificación do tipo de local no padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios.	31/01/2019
33	Persoal	Aprobación das bases do proceso selectivo para a contratación temporal dun peón-condutor.	31/01/2019
34	Intervención e Facenda Municipal	Aprobación do padrón de abastecemento de auga, saneamento e canon do 4º ttre. do 2018.	31/01/2019
35	Economía e Facenda	Execución do gasto 01/02/2019	01/02/2019
36	Persoal	Nomeamento de Secretaria-Accidental dende o 4 ó 8 de febreiro actual (ambos inclusive)	01/02/2019
37	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 3/2019 de 7/02/2019	05/02/2019
38	Subvencións	Solicitud de subvención fomento de emprego 2019	06/02/2019
39	Subvencións	Solicitud de subvención socorrismo 2019	07/02/2019
40	Economía e facenda	Execución do gasto 11-02-2019	11/02/2019
41	Economía e facenda	Aprobación liquidación presuposto 2018	12/02/2019
42	Economía e facenda	Incorporación de remanentes 1/2019	13/02/2019
43	Persoal	Lista definitiva de aspirantes no proceso de selección dun peón-condutor.	15/02/2019
44	Persoal	Relación provisional de aspirantes no proceso de selección dun/dunha monitor/a de tempo libre	15/02/2019
45	Subvencións	Solicitud de subvención actuación de mellora de infraestruturas turísticas ano 2019.	15/02/2019
46	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 4/2019 de data 21/02/2019	19/02/2019
47	Servizos sociais	Alta usuario SAF	21/02/2019
48	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar SAF	21/02/2019
49	Economía e facenda	Execución do gasto 22/02/2019	22/02/2019
50	Contratación	Devolución AVAL obra C09/2016 "ACONDICIONAMENTO PISCINA MUNICIPAL EN XANCEDA E OUTROS" PAS 2015.	22/02/2019
51	Contratación	Devolución AVAL obras C07/2015 "ARRANXO POLIDEPORTIVO VISANTOÑA" Convenio DEPUTACIÓN 2015	22/02/2019



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## RELACION DECRETOS DO 24/2019 A 103/2019

Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
52	Persoal	Relación definitiva de admitidos/as no proceso de selección dun/dunha monitor/a de tempo libre.	25/02/2019
53	Economía e facenda	Pago a xustificar 001/2019 e execución do gasto 26/02/2019	26/02/2019
54	Economía e facenda	Execución do gasto 27/02/2019. Nóminas mes febreiro 2019	27/02/2019
55	Economía e facenda	X.C. 01/2019. Subvención Xunta de Galicia Acondicionamento area recreativa Ponte Carballa. (Anualidade 2019)	28/02/2019
56	Subvencións	Aprobación solicitude subvención PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2019-2020 obra "CAMIÑO XERAL DE ALBIXOI EN DIRECCIÓN CABRUI E OUTROS"	28/02/2019
57	Economía e facenda	Aprobación Plan Presupostario a medio prazo 2020-2022	28/02/2019
58	Subvencións	Aprobación solicitude subvención iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019	01/03/2019
59	Servizos Sociais	Modificación intensidade na prestación de SAF a usuaria OLS	01/03/2019
60	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar SAF	01/03/2019
61	Servizos Sociais	Modificación intensidade na prestación de SAF o usuario MESS	01/03/2019
62	Servizos Sociais	DUPLICADO CO DECRETO 61	04/03/2019
63	Obras e urbanismo	Aprobación certificación nº 1 da obra denominada CAMIÑO MESÍA A SOUTELO E OUTROS	04/03/2019
64	Obras e urbanismo	Aprobación certificación 2-final da obra denominada CAMIÑO CRUCE DO VILAR Ó PICO (CUMBRAOS) E OUTROS	04/03/2019
65	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 05/2019 do 08/03/2019	06/03/2019
66	Economía e facenda	Liquidación SAF mes xaneiro 2019	07/03/2019
67	Subvencións	Solicitude de subvención "EQUIPAMENTO PARA A AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL"	07/03/2019
68	Persoal	Nomeamento persoal laboral temporal para posto de peón-condutor	08/03/2019
69	Economía e facenda	Execución do gasto 08/03/2019	08/03/2019
70	Subvencións	Solicitude de subvención de igualdade 2019	08/03/2019
71	Contratación	Devolución de Aval contratación do servizo de arquitectura e urbanismo do Concello de Mesía. Expte C10/2015..	11/03/2019
72	Persoal	Nomeamento persoal laboral temporal para o posto de monitora de tempo libre	12/03/2019
73	Subvencións	Adhesión PEL 2019	12/03/2019
74	Contratación	Aprobación do expte. de contratación C02/2019. Obra "PISTA POLIDEPORTIVA NA VILA (CASTRO)". POS +2018	12/03/2019
75	Contratación	Expte. C07/2017. Devolución Aval obra CAMIÑO DO CRUCE DE LEBORIS A CRUCE DA PICHA. POS 2017.	13/03/2019
76	Contratación	Devolución Aval obra CAMIÑO DO CALEXO AO LIMITE CON CESURAS. POS+2017. EXPTE. 08/2017	13/03/2019
77	Urbanismo	Aprobación estudo específico denominado "MEDIDAS PROVISIONAIS DE ORDENACIÓN DERIVADAS DA ANULACIÓN DO PXOM DE MESÍA NO LUGAR DE O CAMPO", elaborado por "ESTUDIO TÉCNICO GALEGO, S.A."	13/03/2019
78	Economía e facenda	X.C. 02/2019. Ministerio da Presidencia - Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.	14/03/2019
79	Contratación	Devolución Aval obra "FORMACIÓN DE BASES DE SUXEIÇÃO PARA CONTEDORES DE ENVASES DE PLÁSTICO NO LUGAR DE VISANTOÑA E	15/03/2019



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## RELACION DECRETOS DO 24/2019 A 103/2019

Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
		OUTROS"	
80	Contratación	Devolución Aval obra "SENDA PEONIL IGREXA CABRUI." Expte. C12/2017.	15/03/2019
81	Contratación	Devolución Aval obra "SENDA PEONIL IGREXA ALBIXOI." Expte. C04/2017	15/03/2019
82	Obras e urbanismo	Aprobación cert. 1 obra CAMIÑO PONTE CARBALLA A PONTE QUEIROA.POS+2018. Expte. C11/2018	18/03/2019
83	Obras e urbanismo	Aprobación cert. 1 obra CAMIÑO PONTE QUEIROA A VISANTOÑA. POS + 2018. Expte. C09/2018	18/03/2019
84	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 06/2019 do 21/03/2019	18/03/2019
85	Economía e facenda	Execución do gasto 20-03-2019	20/03/2019
86	Economía e facenda	Subvención viaxe fin de curso alumnos/as 4º da ESO do CPI Xanceda	20/03/2019
87	Economía e facenda	Execución do gasto 21-03-2019	21/03/2019
88	Servizos sociais	Baixa prestación SAF	21/03/2019
89	Facenda municipal	Cambio titular lixo 2019	21/03/2019
90	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar SAF	22/03/2019
91	Contratación	Aprobación expte. contratación C03/2019. OBRA CAMIÑO DA PUEBLA A FAXILDE (BASCOI) E OUTROS. POS +2018	25/03/2019
92	Servizos Sociais	Modificación intensidade SAF usuario	25/03/2019
93	Contratación	Aprobación expte. contratación C04/2019. CAMIÑO NO TIÑOSO - ALVITE (MESÍA ) E OUTROS. POS + 2018	25/03/2019
94	Economía e facenda	Liquidación SAF mes febreiro 2019	25/03/2019
95	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar SAF	25/03/2019
96	Padrón de Habitantes	Baixa de oficio padrón municipal de habitantes	26/03/2019
97	Contratación	Aprobación expte. Contratación C05/2019. CAMIÑO DE PONTE FEÁS A CAMPELO (MESÍA) E OUTROS. POS+ 2018 ADICIONAL 1/2018	26/03/2019
98	Economía e facenda	Execución do gasto 26/03/2019	26/03/2019
99	Organización e funcionamento	Pleno extraordinario 3/2019 de 1/04/2019	27/03/2019
100	Economía e facenda	Execución do gasto 28/03/2019. Nóminas mes marzo 2019	28/03/2019
101	Servizos sociais	Alta usuario SAF	28/03/2019
102	Persoal	Modificación xornada auxiliar SAF	01/04/2019
103	Persoal	Modificación xornada auxiliar SAF	01/04/2019

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## **6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS OS DÍAS 25 DE XANEIRO, 7 E 21 DE FEBREIRO E 8 DE MARZO DE 2019.**

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

## **7. ROGOS E PREGUNTAS.**

Pregunta o Sr. García Sesmonde si habería a posibilidade de poñer uns equipos biosaludables en Lanzá, respostando o Sr. Alcalde que si, miraremos o sitio máis idóneo para ubicalos.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O alcalde,